

Memoria



**EQUIPO DE
NORMALIZACIÓN
E DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA**

Curso 2008-2009

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN.....	4
2. RESUMO DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS	7
DESCRIPCIÓN DETALLADA E AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES	9
PROXECTOS PLURIANUAIS.....	9
1. REVISTA DIXITAL BICO DA RÍA, nº 1 (www.bicodaria.com ou www.bicodaria.org) 9	
2. BLOG DO ENDL: O CASTELO DA LÚA	12
(www.blogoteca.com/ocastelodalua).....	12
3. PROXECTO: NO MEU MAR, NA MIÑA LINGUA II	13
4. CLUB DE LECTURA	13
• Grupos de lectura	14
• Creación do blog Ex-libris (www.blogoteca.com/exlibris)	15
• Visita á biblioteca Ánxel Casal e á librería Couceiro en Santiago	16
• Charlas-coloquio	17
5. CAMPAÑA NO ÁMBITO ECONÓMICO.....	18
• Premio Castelao á mellor campaña publicitaria en galego.	18
• Díptico.....	18
• Cartas	18
• Diploma.....	18
6. INTERCAMBIO CULTURAL CO ENDL DO IES SANTIAGO BASANTA DE VILALBA	19
7. PARTICIPACIÓN EN COORDINADORAS COMARCAIS	21
• Coordinadora Leixaprén de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística..	21
• Coordinadora Comarcal de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística do Barbanza.....	22
8. Xestión de taboleiros.....	23
PROXECTOS NOVOS	24
1. NORMALIZACIÓN E INTERNET	24
• Xornada de presentación: Internet na escola	24
• Creación da páxina WEB do ENDL	25
2. LETRAS GALEGAS 2009. HOMENAXE A RAMÓN PIÑEIRO	25
• Exposición sobre o homenaxeado.....	25
• Piñeiro e o ensaio filosófico galego	26
• Concurso de lectura en alto:.....	26
• Conferencia e actuación.....	27
3. O GALEGO E O CINEMA	28
4. MÚSICA EN GALEGO	29
• Reparto do CD “Os quince máis votados”.....	29
• Charla sobre música galega en galego (presentación do CD).....	29
• Concerto de música actual (reconvertido a Obradoiro de Hip-hop)	30
LABOR EDITORIAL.....	32
1. REEDICIÓN DE MATERIAIS:.....	32
• Ficha de “dúvidas lingüísticas” para o profesorado (Reedición ampliada e corrixida)	32
• Tríptico “o galego na rede: ferramentas de axuda”.....	32
• Díptico de actualización normativa	32
2. EDICIÓN DE MATERIAIS NOVOS:.....	33
• Revista en DVD	33
• CD “Ferramentas ofimáticas en galego”- Convertido en CD: “A artesa da lingua”	33
• Calendarios.....	34
• Tríptico “O Barbanza nas nosas letras”	35

• Tríptico “As linguas suman”.....	35
ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN COLECTIVA: CHARLAS, CONTACONTOS E OBRADOIROS.....	36
1. Charla para familias: Vantaxes do plurilingüismo.....	36
2. Contacontos.....	37
3. “Galicia e as relacións cos países de lingua portuguesa”.....	37
4. Obradoiro de optimización comunicativa. “O falar non ten cancelas”.....	37
5. “Charla- obradoiro de dereitos lingüísticos”.....	38
6. Obradoiro de regueifas.....	38
7. Jorge Mira: curiosidades da ciencia.....	38
8. Vicente Feijoo: Litonimia e toponimia.....	39
9. Sechu Sende fala da súa obra e da súa lingua.....	39
10. Kiko da Silva e a banda deseñada.....	40
11. Yolanda Castaño fala de poesía galega actual.....	40
SAÍDAS:.....	41
A PORTUGAL.....	41
A SANTIAGO.....	41
VARIOS.....	42
• Rotulado en galego do centro.....	42
• Cartas de amor plurilingües - Reconvertido a Cartas de amor.....	42
• Diplomas para o alumnado do ENDL que abandona o centro.....	43
• Lecturas non literarias en galego.....	43
• Camisetas, chapas e/ou bolígrafos- Reconvertido en bolsas.....	43
• Campañas e iniciativas externas:.....	44
• Enquisa sociolingüística entre o alumnado e profesorado.....	45

1. PRESENTACIÓN

Antes de comezar a descrición en detalle das actividades realizadas, cómprenos aclarar que, tal e como prevíamos cando presentabamos a programación das actividades para o presente curso 2008-2009, houbo unha serie de circunstancias que lle afectaron ó traballo do ENDL e que se poden agrupar en dous apartados:

- 1) O primeiro ten que ver cos **medios humanos** que forman o equipo:
 - Houbo unha redución do cadro de persoal do IES o que derivou en que a dirección do centro non puidese outorgarnos horas para normalización porque todos/as os/as profesores/as do equipo estamos excesivamente saturados de horas de clase e gardas.
 - Somos un centro grande, con moito profesorado e unha ampla oferta de optativas en bacharelato, o que fixo imposible conseguir unha hora de reunión que fixese coincidir polo menos a parte dos membros do equipo. Finalmente usabamos como método de coordinación o correo electrónico e logo xuntabámonos todos os mércores e os xoves alternos nos segundos recreos.
 - O curso pasado desenvolvemos un volume de traballo excesivo, por riba das nosas posibilidades e nunhas condicións de traballo moi pouco favorables. Isto provocou que profesorado do ENDL quedase “queimado”, feito que se notou este ano ó presentaren a maioría dos membros menos “enerxía”. A isto houbo que unirle o desgaste psicolóxico que por parte dos propios compañeiros, medios de comunicación e mesmo administración se realizou arredor de todo o traballo en prol da normalización do galego.
 - O alumnado este curso estivo moito menos activo e participativo. Fronte a unha colaboración extraordinaria que viñamos tendo nos cursos pasados, este curso notamos:
 - por un lado menos ganas de traballar porque o aliciente do intercambio non era xa tal ó teren un curso académico cheísimo de actividades extraescolares.
 - por outro lado, o ambiente “anti-normalización” escaldou tamén o alumnado, que comezou progresivamente durante o curso a colaborar cada vez menos. Así houbo grupos enteiros de 20 alumnos/as que se descolgaron xa no primeiro trimestre, outros que viñan esporadicamente e outros que viñeron ata o 2º trimestre e logo pouco a pouco desapareceron.
 - As circunstancias políticas nas que nos vimos a partir do 1 de marzo coa conseguinte situación sociolingüística, deixou a parte do ENDL coas forzas minguadas para o traballo

programado porque houbo que dedicarse a tentar poñer sentido común nunha situación que podemos cualificar de surrealista.

En relación cos escasos medios humanos que acabamos de citar está a case nula colaboración do claustro nas actividades do ENDL. Sobre isto temos que indicar que este curso caracterizouse pola baixa colaboración xeral de todo o profesorado, chegando a provocar esta actitude unha inercia que case boicotean as actividades complementarias que realizamos co alumnado dentro do centro e en horas de clase. As continuas protestas do profesorado diante do alumnado por teren que perder aulas por asistir a unhas actividades aprobadas polo Consello Escolar e debidamente anunciadas e programadas con tempo abondo (véxase *Anexo 10*: “Cartel anunciador das actividades complementarias que programou o ENDL para o 2º e 3º trimestre e que se repartiu entre o profesorado para que o tivesen en conta nas súas programacións de aula”). Despois de anos batalleando nas reunións de claustro para que quedase sentado que o profesorado tiña que acompañar o alumnado ás actividades ao salón de actos, houbo un abandono por parte de vice-dirección á hora de redactar os carteis anunciadores onde non se indicou expresamente que o profesorado “debía acompañar o alumnado ás actividades”. Isto provocou un grande absentismo de profesorado e polo tanto de alumnado, o que levou ó enfado e desánimo do ENDL e sobre todo da súa coordinadora.

2) O segundo está en relación cos **medios económicos**.

Temos que comezar dicindo que mellorou moito a programación das nosas actividades saber de que diñeiro dispoñemos por parte da administración xa a principios de curso. Con todo, seguímonos atopando con problemas económicos xa que esta é unha axuda que só sufraga parte das nosas actividades:

- Como xa prevíamos no proxecto, o centro este curso está metido en varias inesperadas reparacións e reformas de envergadura, que provocan un déficit nas súas arcas. Ademais este ano non houbo o Programa de cualificación profesional (antigo PGS), que o ano pasado nos axudou –ó incluír ós seus alumnos nas actividades- a pagar grande parte de charlas e conferencias.
- Solicitamos, ademais desta axuda, a **subvención do Club de lectura**, do que somos organizadores e xestores e mais recibimos un **Premio de innovación en normalización lingüística**, o que nos axudou bastante nos nosos proxectos.
- Sempre botamos parte importante do curso buscando outros financiamentos. Este curso non atopamos financiamento privado. Repetimos coma o curso pasado a venda, por parte

dos membros do ENDL de **lotería de Reis** durante o 1º trimestre, que nos permitiu pagar varias das actividades.

- A ANPA Virxe de Guadalupe, que engloba a nais e pais do noso alumnado, comprometeuse a apoiarnos economicamente na medida das súas posibilidades en proxectos concretos e tramitou unha axuda no proxecto “máis internet, máis galego” que quedou frustrada co cambio de goberno. Buscounos tamén axuda para a impresión dos materiais de *No meu mar...*

Varias actividades quedaron sen realizar debido á imposibilidade de medios humanos e económicos. Con todo, estamos en condicións de dicir que se cubriron os principais obxectivos previstos na programación, a excepción de dous que estaban agrupados no punto 4 (4.b: Concienciar a empresarios e comerciantes do uso da lingua propia; 4b- Facilitarlles materiais ea comerciantes e empresarios para que aumenten o uso do galego). Esperemos que para o vindeiro curso nos poidamos centrar nestes aspectos, sobre os que xa traballamos noutras ocasións.

2. RESUMO DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS

- 1- **Proxectos plurianuais.** Aqueles proxectos que xa comezaron en cursos anteriores, pensados con carácter plurianual e ós que queremos dar continuidade.
 - a. Revista
 - b. Blog
 - c. Proxecto *No meu mar, na miña lingua*
 - d. Club de lectura
 - e. Intercambio con outro centro de ensino
 - f. Participación en coordinadoras comarcais
 - g. Xestión de taboleiros
- 2- **Proxectos novos.** Neste apartado incluímos tres proxectos que máis que, ou ben é a primeira vez que os realizamos (apartados a, c) ou ben xa os realizamos noutras ocasións (coma o das Letras galegas) pero conteñen no seu interior actividades novidasas.
 - a. Normalización e internet:
 - i. Xornada de presentación
 - ii. Páxina web do ENDL
 - b. Letras galegas 2009:
 - i. Difusión do homenaxeado
 - ii. Concurso de lectura en alto
 - iii. Conferencia e actuación
- 3- **Labor editorial.**
 1. CD “A artesa da lingua”
 2. Trípticos e dípticos reeditados
- 4- Organización de **actividades de participación colectiva**
 - a. Contacontos
 - b. Obradoiro de regueifas
 - c. Obradoiro de Hip-hop
 - d. Charla Sechu Sende
 - e. Yolanda Castaño falou de poesía actual
 - f. Kiko da Silva e a banda deseñada en galego
 - g. Xurxo Souto fala da música galega actual

h. Jorge Mira: curiosidades da ciencia

5- Saídas.

1. Portugal : 3 días a Peniche e Lisboa
2. Santiago: Visita á facultade de filoloxía e clase de portugués

6- **Varios.** Nesta epígrafe incluimos unha serie de actuacións individuais:

- a. Concurso de cartas de amor
- b. Diplomas para o alumnado que abandona o centro do ENDL

7- Fóra de programa:

1. Obradoiro de escrita creativa de Carlos Negro
2. Exposición As linguas de Europa
3. Tríptico As linguas suman

DESCRIPCIÓN DETALLADA E AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES

PROXECTOS PLURIANUAIS

1. REVISTA DIXITAL BICO DA RÍA, nº 1 (www.bicodaria.com ou www.bicodaria.org)

Descrición:

No mes de outubro archivamos o número 0 da nosa revista e comezamos o número 1 coas mesmas seccións do curso pasado, que eran:

- 01- NÓS (dedicada ás actividades do ENDL)
- 02- Rianxiño viaxa (dá conta das saídas e excursións que se realizan no IES)
- 03- Eu opino, ti opinas... (dedicada a recoller artigos de opinión)
- 04- Deportes (dáse conta tanto do deporte escolar, coma de temas deportivos de interese)
- 05- Música... de aquí e de acolá (recolle cuestións relacionadas coa música, especialmente coa galega)
- 06- Sabías que... (agrupa traballos de investigación)
- 07- Retratos (é o lugar para as entrevistas)
- 08- Restra de noticias (introdúcense noticias de actualidade tiradas dos xornais)
- 09- Currunchos de artistas (é o apartado dedicado á creación tanto literaria como plástica)
- 10- Materiais (Esta sección foi creada para poder cargar nela os materiais que elaboramos no ENDL)

Conforme comezamos a encher a revista de contidos e conforme fomos organizando o curso, vimos a necesidade de modificar un pouco estas seccións readaptándoas ás novas circunstancias. Engadimos unha sección que ocupa o 1º lugar, que se titula “Quen somos?” destinada a presentar o ENDL. Dentro dela incluimos unha subsección chamada “Cartas de presentación” que recolleu tódalas cartas do alumnado do ENDL que participaba no intercambio co IES Santiago Basanta Silva de Vilalba (ver epígrafe...). Así, no canto de escribiren cartas en papel coma os outros anos, que tiña a dificultade do reparto no outro cento, deixáronas na rede para que calquera do outro IES puidese velas e contestalas.

Tamén se mudou o nome da que antes era a primeira sección (Nós), que pasou a ser “Nós, normalizando”, debido a que tamén lle mudamos un pouco o obxectivo. Este curso neste

apartado estivo dedicado a mostrar dinámicas normalizadoras propias, do noso ENDL, pero tamén a dar conta de persoeiros, entidades, organizacións... que se moven no mesmo campo ca nós, o da normalización das linguas minorizadas. Aproveitamos tamén este espazo para presentar información sobre distintas linguas minorizadas no mundo. Dentro abrimos un espazo titulado “Globalinguizando” destinado a recoller artigos sobre os países nos que nos podemos entender falando galego, é dicir, todos os da lusofonía. Este espazo completouno o alumnado dos diferentes cursos da optativa de portugués.

Engadiuse tamén unha sección que ten como título o nome do noso proxecto de innovación educativa “No meu mar, na miña lingua”, dentro da cal se introduciu a sección de materiais que antes era independente e que contiña as láminas e vocabularios do proxecto. Por último engadiuse unha sección denominada “Páxinas de interese” e eliminouse a sección de “Noticias de interese” xa que non tiñamos tempo de revisar tódolos artigos dos sitios sindicados.

En canto ó equipo de redacción cómpre indicar que estaba formado por profesorado e alumnado. A maioría dos artigos está elaborada por rapaces e rapazas do equipo e por varios que non pertencen a el. Uns elaboraban os artigos na casa e facíannolos chegar, ben por correo electrónico, ben traéndoo ó departamento en soporte electrónico ou en papel; outros facíanos nos recreos no local do ENDL.

Nun principio, cada membro do profesorado estaba encargado dunha ou ben de dúas seccións (segundo o caso), pero deuse a circunstancia de que algúns responsables de seccións non se encargaban realmente de conseguir artigos polo que quedaron máis baleiras.

Avaliación:

Dado que a revista xa estaba en marcha fomos moito máis áxiles có ano pasado metendo a información. Elaboramos un total de 221 artigos dunha calidade bastante decente. Subimos fotos e vídeos e fíxose atractiva para o alumnado.

Con todo hai que deixar constancia dalgúns problemas. O primeiro, e máis importante, refírese ás dificultades técnicas imposibles de superar. A revista está aloxada nun servidor externo á Xunta debido ós problemas que o ano pasado tivemos para poder facelo dentro do propio servidor. A intranet está preparada, segundo nos dixeron os técnicos –despois de moitas consultas, para que funcione moi rápido a rede propia e ralentice descargas alleas. Isto facía que –sen sabermos aínda o motivo- houbera días que nos fose imposible cargar nin un só artigo na revista dentro do centro. Este feito derivaba en que o alumnado perdía o tempo nos recreos, xa que nos 15 minutos que estaban alí non abría a revista moitas veces. Perdemos traballos e fíxonos recargar as tarefas do profesorado implicado nas nosas casa, pois tiñamos que desde alí

subir artigos e fotos as máis das veces. Este problema levou a que o grupo de alumnos/as implicados se fosen descolgando da xestión da revista, aínda que continuaron como colaboradores.

Tamén temos que destacar este curso a falta de constancia do alumnado, sobre todo do de 3º de ESO que se foi descolgando durante o primeiro trimestre, cando era un grupo que o curso pasado colaboraba moito. Pero mesmo dentro do resto, houbo moitas oscilacións nos días que viñan a traballar, isto levaba a que comezasen un artigo e cando viñan para rematalo estaba perdido ou obsoleto.

Avaliamos positivamente a colaboración externa que comezamos a ter. Aínda que sempre se aspira a máis, conseguimos artigos de persoas relacionadas coa comunidade educativa pero que non son do centro: un ex-profesor (Xesús Costa), un artigo dun membro da ANPA, profesor do IES Espiñeira e varios ex-alumnos.

Houbo comentarios, aínda que non é tan doado facelos coma nos blogues, pero houbo xente que leu e quixo achegar o seu gran de area.

Realización: Estivemos todo o curso 2008-2009, desde principios de outubro ata xuño.

Custo: Houbo que renovar o aloxamento na empresa Dinahosting e mais renovar os dous dominios que tiñamos “biodaria.com e biodaria.org”. Total: 171,22€

2. BLOG DO ENDL: O CASTELO DA LÚA

(www.blogoteca.com/ocastelodalua)

(Reestruturación con novas seccións)

Descrición e avaliación: Este curso, dado que quixemos darlle un xiro ó blog, comezamos por acompañar as novas seccións dun cambio de imaxe. Unha alumna do equipo encargouse de cambiar o cabeceiro. Puxemos tamén moito esforzo en implicar o alumnado do ENDL en que participase no mesmo e deu un bo resultado porque estivo tódalas semanas do curso activo – aínda que con diferente actividade- e temos un total de 43 páxinas.

Imos ir presentando as novas seccións e facendo unha avaliación de cada unha:

- 1- “Da xouba á sardiña: a nosa cociña”: O alumnado trouxo un número considerable de receitas durante uns meses. Pedíámoslle que trouxesen principalmente aquelas que se realizaban con ingrediente os produtos típicos de Rianxo (nomeadamente a xouba e a sardiña), pero logo aparecía de todo e non se rexeitou, xa que moitas delas eran aquelas que lles gustaba facer ó propio alumnado, ou que eran as súas preferidas á hora de comer.
- 2- “Cousas”: O departamento de historia accedeu a colaborar neste apartado no 3º trimestre, xa que se adaptaba á súa programación o tema do estudo do patrimonio do concello, pero a realidade é que non foi así. Ó final o profesor encargado non achegou nada e os artigos que hai nesta sección foron achegas do alumnado do ENDL dirixidas por nós.
- 3- “Ollada crítica”. Os artigos desta sección non foron moi numerosos pero si que tiveron moito éxito entre o alumnado, xa que recollían críticas de todos eles a problemas concretos do centro ou do concello que os preocupaban.
- 4- “Falando de lingua”: foi a sección con máis vida durante todo o curso xa que a levaban un grupo de alumnos e alumnas de 2º de bacharelato moi entusiasmados coa cuestión. Ademais coincidiu que houbo uns meses moi “rico” en noticias deste tipo, que o propio alumnado lía e a partir delas redactaba as novas para o blog.
- 5- “O mundo do ensino” era unha sección que corría a cargo de dúas alumnas de 1º de bacharelato que se agobiaron moito durante o curso e que non cumpriron exactamente coas expectativas creadas para este apartado. Con todo foron mantendo a sección viva durante todo o curso.

Este ano melloramos moito a cuestión visual do blog ó aprenderen, o grupo de alumnos e alumnas que o xestionaban, a subiren as fotos. Ademais creamos xa no ENDL unha canle en Youtube que nos permitise subir os vídeos, para non estar pendentes de que os subisen os alumnos nas súas contas persoais.

A ANPA quedou de colaborar periodicamente connosco enviando textos, ideas para elaboralos e participando na dinamización do mesmo realizando comentarios, pero a colaboración foi máis ben escasa.

Custo: 70 € que se empregarán en tinta para a impresora, para imprimir os textos e corrixilos (a custo do centro)

3. PROXECTO: NO MEU MAR, NA MIÑA LINGUA II

Descrición e avaliación: Vid Memoria anexa.

Téñase en conta que os materiais que enviamos de mostra van ser mellorados durante este verán de cara á presentación no vindeiro mes de outubro. Foi imposible atopar as fotos para tódolos termos pero ademais:

- As probas de edición en A5 do vocabulario en papel demostran que non é un formato válido pois cómpre un tamaño que permita ver mellor as fotos.
- A edición das láminas, que tivo que realizarse nun lugar diferente do ano pasado, quedou mal: non empregaron o papel correcto e recortaron mal.

O vocabulario dixital é o que realmente ten a calidade requirida pero aínda así, temos pensado engadirlle as imaxes que faltan. Aínda que o contido base é o mesmo có de papel, a estrutura non ten nada que ver e ademais permitiu engadir moitas máis imaxes.

Custo: 2000 € recibímolos do Premio de innovación ó que presentamos o proxecto
3000 € aprox. necesitámolos para a edición de todo o material realizado. A ANPA é a que está buscando tentando axudarnos economicamente.
Centro: correu co envío de carteis.

4. CLUB DE LECTURA

Descrición e avaliación:

O curso pasado comezamos co Club de lectura do ENDL, ó que lle demos o nome de **Ex Libris**, club co que seguimos este curso.

- **Grupos de lectura**

No mes de outubro comezamos a organización dos grupos do Club de lectura, así como a xestión dos libros. Nun primeiro momento pensabamos fichar os libros na biblioteca e que se realizase o préstamo desde alí, pero a encargada da biblioteca negouse. A solución alternativa foi crear un espazo para os libros do club de lectura que pasaron a levar unha fichaxe e un sistema de préstamos independente do da biblioteca. Situáronse nuns andeis dunha dependencia próxima ó local do ENDL e a profesora de grego colaborou co equipo para correr co préstamo. Este problema atrancounos moito a posta en marcha do club, xa que estivemos no primeiro trimestre case parados sen poder acceder ós libros.

O sistema de funcionamento era o seguinte:

- A profesora encargada do grupo repartíalles o libro ós membros que o conformaban e deixaba constancia nun libro de rexistro feito para o efecto nese local que se habilitou para os libros do club.
- Repartíanse os libros entre o alumnado e poñíase unha data aproximada de lectura
- Anunciábase o día da reunión cun cartel que tiña sempre o mesmo formato, para que se distinguise ben, tanto no taboleiro de normalización coma noutros taboleiros. (Vid. anexo)
- Xuntabámonos nos recreos ou ó medio día
- O alumnado viña polo local de normalización encher no blog os seus artigos e/ou comentarios sobre os libros.

LIBROS LIDOS:

- *A elegancia do ourizo*- Tradución. Leuno un grupo de 1º Bac. e traballárono xunto coa profesora que guiou o grupo moi a fondo. Poden verse dous artigos na páxina 5 do blog exlibris. Encantoulles o libro.
- *Poesía de Safo*. O mesmo grupo que leu a obra anterior tamén leu esta obra xa a principio de curso, pero non deixaron artigo no blog.
- *O estraño incidente do can a medianoite*- Tradución

Houbo 3 grupos de lectura que traballaron con este libro de 4º ESO e 1º Bac nun deles participou un membro do persoal non docente. En xeral gustou. Pódese ver o artigo na páxina 8 do blog exlibris.

- *Rúa Carbón*- Houbo 2 grupos de lectura que traballaron con este libro de 4º ESO e 1º Bac. e un membro do persoal non docente. Encantoulles ás estudantes e decepcionou á limpadora. O artigo que fixeron as alumnas está na páxina 6 do blog exlibris.

- *O único que queda é o amor*- Tamén gustou, pese a ser relatos (modalidade pouco aceptada polo alumnado. Lectoras de 4º ESO, 1º Bac e dous membros do persoal non docente. Os artigos sobre esta obra poden verse nas páxinas 3 e 4 do blog.
- *Made in Galiza*- Libro que xa estivo no club o ano pasado, pero que se volveu poñer este ano. Tivo desigual resultado: en 2º de Bach. encantou e en 4º ESO decepcionou, supoño que foi pola preparación previa á lectura e pola explicación que a mesma requiría. Tamén se leu en 3º ESO dirixido pola profesora e deu moi bo resultado. Había un proxecto de realizar banda deseñada con algúns dos relatos pero fallou porque marchou a organizadora.
- *O señor Ibrahim e as flores do Corán*- Tradución. Encantoulles ás lectoras de 4º ESO, 1º Bach. e dous membros do persoal non docente.
- *Morning Star*- Repartíuse antes de que fosen á viaxe a París entre o alumnado do club de 1º Bach. Entre a viaxe, a acumulación de exames á volta e motivos varios, chegou xuño co libro a medias pola maioría deles. Só tres alumnas o remataron e non lles gustou moito, cando foran elas as que o escolleran.
- *Poetízate*- Leuno un grupo de 2º Bach. centrándose sobre todo na poesía dos último anos e motivados polo paso polo centro Yolanda Castaño. Gustoulles moito.
- *Cultivos transxénicos*. Logo de escoitar a Yolanda Castaño e de introducirse no obradoiro de Carlos Negro, conseguín que un grupo moi reducido de 1º e 2º Bach. (dúas alumnas de cada curso) lesen esta obra de poesía.
- *Asasinato no Orient Express*. Repartíronse os libros pero o grupo que o escolleu, de 4º ESO, dirixidos pola profesora de inglés non remataron a lectura de todo no tempo establecido e non se puido pechar debidamente o grupo.
- *Rebeldes*. Lido polo alumnado de 2º ESO. Gustoulles.

- **Creación do blog Ex-libris (www.blogoteca.com/exlibris)**

Este curso deseñamos un blog propio para o ENDL, o blog Ex-libris, o que levou a que elimináramos as seccións “club de lectura” tanto da revista coma do blog O castelo da lúa.

A súa función:

- a. Recolle novidades editoriais, presentacións de libros...
- b. Recolle información ampla sobre as obras e autores que se leron no club, e sobre outras de interese para eles. O propio alumnado seleccionaba a información e

adaptábaa para introducila no blog. Houbo un grupo de rapaces e rapazas de 4º ESO que se dedicaron a buscar información en internet de tódolos autores que tiñamos no club, resumir e traducir ó galego. Tamén buscaban as imaxes, tanto dos autores coma dos libros. Deste xeito, conseguimos ter unha grande referencia sobre lecturas, non só da literatura galega, en galego.

- c. Recolle artigos dos membros do club de lectura a propósito das reunións, onde se expresan opinións...
 - i. Hai artigos de moi diferente peso. Destacamos os referidos á obra *A elegancia do ourizo* que leron un dos grupos máis consolidado, o dirixido pola profesora de grego Ana Rivas, e do que fixeron unha análise literaria moi elaborada.
- d. Recolle comentarios aos artigos dos compañeiros.
- e. Información de tódolos libros que manexamos no club

Tamén fomentamos a participación do alumnado do club en blogs doutros centros, para facer un seguimento do traballo doutros clubs. Un de obrigada visita foi *Trafegando ronseis* do IES Pintor Colmeiro.

- **Visita á biblioteca Ánxel Casal e á librería Couceiro en Santiago**

Realizouse o día 15 de abril. Viaxamos a Santiago con un autobús cheo co alumnado do Club de lectura do curso pasado e mais o deste. O **programa** da actividade foi o seguinte:

- 8:30h.: Saída en autocar desde o Instituto,
- 9:30h.: Chegada a Santiago e tempo libre ata as 10:20h.
- 10:30h: Visita guiada da Biblioteca Pública Anxel Casal
- 12:00h. Visita guiada dos 5 pisos da Librería Couceiro e do seu obradoiro de encadernación
- 13:00h. Saída de Santiago para Rianxo (en autocar)

Véxase na revista dixital www.bicodaria.com o artigo de Esther Alcalde Domínguez “**Visita á biblioteca Concepción Arenal e á Librería Couceiro**” que está na sección *Nós, normalizando* (aínda que debería estar en *Rianxiño viaxa*) onde describe con detalle o que foi a xornada.

- **Charlas-coloquio**

Organizáronse as seguintes charlas:

- **Sechu Sende fala da súa obra e da súa lingua**
- **Yolanda Castaño falou sobre poesía galega actual**
- **Kiko da Silva deu unha charla sobre a banda deseñada en galego que rematou cun pequeno obradoiro.**

Están detalladas no apartado de “**Actividades de participación colectiva**” (vid. páx. 36 e seguintes desta memoria)

Avaliación:

Dado que o club de lectura xa estaba en marcha, este ano o proceso de agrupamento de alumnado foi máis doado. O principal problema residiu en que o alumnado leu pouco. Faltou profesorado que os motivase e tirase por eles, polo que quitando os grupos que dirixiron a profesora de grego por un lado e mais a coordinadora do ENDL por outro, que tiveron unha actividade moi aceptable durante todo o curso, o resto quedou moi frouxo: parte dos membros non lían os libros, logo non facían as reunións, houbo grupos que só fixeron unha en todo o ano. Neste sentido temos que dicir que no alumnado de 4º ESO e bacharelato houbo participantes, todas mulleres, con moita actividade, mentres que outros grupos mixtos tiveron bastante pouca; en 3º non se formou grupo e en 1º e 2º comezaron con moita forza para logo ir esmorecendo conforme avanzaba o curso.

Realización: Todo o curso.

Custo: 1200 euros a cargo da subvención para clubs de lectura.

5. CAMPAÑA NO ÁMBITO ECONÓMICO

Descrición e avaliación:

Comezamos esta actividade a principios de curso pero logo non puidemos abarcala, tanto por falta de tempo como por falta de motivación do profesorado, así como por falta de implicación do alumnado.

- **Premio Castelao á mellor campaña publicitaria en galego.**

Descrición: Esta actividade comezouse o curso pasado e xa quedara sen rematar, volvemos este ano tentalo. Deseñamos a ficha (Vid. anexo) e entregámoslla para que cubrisen no Nadal pero fallou o alumnado de 1º ESO que foi o que se responsabilizou dela. Levárona logo alumnas de 4º e 3º pero traían cubertas as enquisas de xeito moi desigual. O profesorado deixamos de lado un pouco o proxecto por estarmos primando outras actividades e quedou definitivamente abandonado no mes de febreiro.

- **Díptico**

Descrición: Xuntoouse o material, fíxose un borrador pero non se editou por falta de diñeiro.

- **Cartas**

Descrición: Ó non editar o díptico, esta actividade non se desenvolveu.

- **Diploma**

Descrición: Ó non editar o tríptico, esta actividade non se desenvolveu

6. INTERCAMBIO CULTURAL CO ENDL DO IES SANTIAGO BASANTA DE VILALBA

Descrición e avalición:

Alumnado do ENDL de 3º ESO contactou no pasado verán nun curso de inglés con alumnado de Vilalba co que fixeron unha amizade que querían manter. Por iso propuxeron o intercambio co este centro, ó que chamaron eles para propoñerlle a actividade á coordinadora do IES Santiago Basanta. Logo de aceptaren a actividade, as dúas coordinadoras dos equipos acordamos que se coñecesen antes mediante intercambio epistolar. Dado que a experiencia do envío de cartas escritas en papel por correo postal tiña o problema do reparto no outro centro, acordamos este ano empregar a nosa revista dixital para que o noso alumnado deixase as súas cartas de presentación, logo os de Vilalba facían comentarios ás cartas que querían e aí comezou o contacto.

Véxanse as cartas de presentación na revista dixital www.bicodaria.com/org na sección *Quen somos*, subapartado “cartas de presentación”.

O intercambio físico realizouse –coma sempre- en dous días, o de marzo recibímolos nós e o 25 de maio fomos nós alá. O alumnado participou activamente na organización de tódalas actividades, desde a recepción dos visitantes do outro centro ata a lectura de textos dos autores rianxeiros no percorrido pola vila. Logo movémonos en autobús para ir ata Ribeira e mais para outras visitas dentro do concello (ir ver onde naceu M. Antonio en Asados e visitar o hórreo do Araño). Este ano no canto de ir aos Castros Neixón como o tiñamos programado acordamos ir ó parque dunar de Corrubedo, xa que lles resultaba de máis interese aos visitantes vilalbeses.

Realizouse un tríptico para tódolos participantes co programa e os textos que se len durante a visita, que se lles enviaron previamente a eles, o que levou a que moitos vilalbeses participases das lecturas de xeito colectivo.

A visita a Vilalba foi moi interesante, as actividades que nos tiñan preparadas no centro, así como as visitas pola contorna foron de moito interese para o alumnado. O único negativo que marcaron foi a climatoloxía adversa que tivemos con chuvia e frío, algo que –loxicamente- non dependía dos organizadores.

A interrelación entre os integrantes dos dous centros foi total e neste segundo encontro xa se reafirmaron contactos e lazos de amizade que comezaran no primeiro encontro.

Realización: todo o curso de setembro (que se comezou a organizar ata finais de maio que se rematou a valoración da actividade)

Custo: 120€ dos bocadillos e augas que se lles deron ós participantes no intercambio cando chegaron. Correu por cargo do centro

324,80€- Custaron as bolsas que fixemos para o ENDL para distribuír entre os visitantes, así servían tamén de distintivo.

203,30- Prezo do autobús para mover o alumnado medio día pola comarca ata Ribeira

428- Prezo do autobús para o desprazamento a Vilalba e arredores.

7. PARTICIPACIÓN EN COORDINADORAS COMARCAIS

- **Coordinadora Leixaprén de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística**

Descrición:

O ENL do IES Félix Muriel de Rianxo participou un ano máis na coordinadora Leixaprén para a entrega do X Premio Leixaprén. Na primeira reunión de decembro non houbo quorum por un problema de comunicación, polo que tivemos que enviar as candidaturas por correo electrónico o que non permitiu expoñerlle oralmente ó resto as nosas candidaturas na primeira volta. A continuación mostramos as candidaturas e unha breve argumentación de cada unha:

GRUPO DE TEATRO AIRIÑOS- Este ano cumpren 75 anos de compromiso co teatro galego. Creouse en 1933 en Rianxo e segue en activo, sempre facendo teatro en lingua galega.

IMAXIN SOFTWARE- Empresa que aposta por traballar en galego e polo galego desde o ámbito das novas tecnoloxías.

TEMPOS NOVOS- Iniciativa empresarial comprometida co galego, apostando por unha información plural que toca diversos ámbitos en lingua galega.

Tamén tivemos que ler as argumentacións das candidaturas do resto e con iso fomos a unha segunda reunión, á que nós nos achegabamos apoiando ó candidato gañador Mar de Lira, por ser un dos propostos por varios centros en 1ª volta e porque levaba varios anos sendo candidato.

No noso centro fixemos difusión do premio e do premiado tanto nuns carteis que puxemos na entrada, coma en varios artigos da revista e do blog. Na revista incluimos información detallada sobre o Proxecto “Mar de Lira” dentro da nosa sección “Nós, normalizando” cos títulos:

“Premian o Proxecto Mar de Lira”

“Mar de Lira recibe o X Premio Leixaprén”

“Acto de entrega do X Premio Leixaprén”

Avaliación:

Este curso tivemos a sensación de que nos movemos dun xeito algo descoordinado dentro da Coordinadora por falta de comunicación fluída. Non houbo ningunha reunión á que asistísemos todos, nin sequera ó xantar da entrega do Premio, o que nos deixou cunha impresión de falta de cohesión como grupo. Varios dos membros pensamos que podíamos aproveitar o feito de sermos

coordinadora para realizar algunha outra actividade conxunta, polo que quedamos de falalo de cara ó ano que vén.

Custo: 0 € (A copa e diploma que antes se pagaba entre todos, pasou a subvencionarse con outras partidas)

- **Coordinadora Comarcal de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística do Barbanza**

Descrición:

Como membros da Coordinadora participamos en tódalas reunións mensuais da mesma. Dado que a coordinadora deste ENDL é vicepresidenta da mesma participou, ao lado do presidente, da redacción dos **Estatutos** para convertela en asociación cultural.

Tamén participamos na elaboración do **tríptico** con lecturas do Barbanza para o Nadal e na redacción do proxecto de subvención para organizar unha sesión comarcal de regueifas con Pinto e Caruncho.

A actividade máis laboriosa do ano foi o **Correlingua**, levado excelentemente polos centros da Pobra e na que nós só fixemos asistir levando 83 rapaces que se anotaron de xeito voluntario en 1º e 2º ESO, únicos cursos ós que lles demos posibilidade de asistir.

En Nos normalizando podemos ver o artigo “Correlingua 2009. Album de fotos”

Colaboramos economicamente na elaboración duns chalecos necesarios para aquelas persoas que se teñen que encargar da organización da carreira. A avaliación do Correlingua deste ano pode verse no *Anexo 8*, onde incluín directamente unha mensaxe de correo electrónico que enviei ós meus compañeiros da coordinadora avaliando a cuestión.

Dadas as circunstancias de información sociolingüística nas que nos atopamos nas últimas semanas de curso, acordamos adiar para outubro a **Entrega dos Premios Anticiclón e Borrasca** do ano 2009 que lles concedemos a dúas entidades do mundo empresarial da comarca: Ó centro comercial aberto *O Deán* da Pobra, que ten o galego como lingua vehicular foi o escollido para o Anticiclón e o Centro comercial máis importante da comarca: Halley foi por unanimidade o elixido para levar o Borrasca, obviamente polo seu nulo uso da nosa lingua. Os premios non foron aínda comunicados nin entregados.

Avaliación:

Valoramos **positivamente** a reactivación e a vida do **blog**: *O paraugas da lingua*, que por fin este ano colleu vida grazas ó esforzo da compañeira encargada; tamén a elaboración e difusión do tríptico e sobre todo o bo entendemento entre os membros do grupo que quedamos despois da

reunión onde nos constituímos como Asociación e onde quedou claro que quen se integraba tiña unha misión na mesma, non só figurar.

Pero desde o noso IES fixemos unha valoración **negativa da actividade do Correlingua** no tocante ós seus obxectivos e metodoloxía, nunca cara á organización da actividade deste ano que, repito, foi extraordinaria.

No anexo inclúo o escrito que lle enviamos ó resto dos compañeiros despois da actividade e na que pedimos unha mudanza de cara ao curso que vén.

Custo:

67,28€ para os trípticos de lecturas do Nadal.

171,20 € para o desprazamento de cada autobús ó Correlingua (levamos dous, polo tanto gastamos 342,40€ pero só incluimos un na subvención, o outro pagámolo co diñeiro do ENDL.

35,90€ dos chalecos para os membros da Coordinadora

8. Xestión de taboleiros

Descrición e avaliación: Igual ca estes anos pasados xestionamos durante todo o curso:

O **Taboleiro de normalización** que estivo máis organizado ca outros anos, ó dividírmolle os espazos destinados a información xeral á parte dos que estaban dedicados ós anuncios propiamente do ENDL, e este á súa vez segmentábase con cores en dous: anuncios do club de lectura por un lado, e avisos sobre as actividades do equipo por outro. Consequimos que este fose o lugar de encontro do alumnado do ENDL, xa que era alí onde se colocaban as listaxes para anotarse para as actividades e así obrigábalos a estaren pendentes de tódalas novas que poñiamos nel.

O **Taboleiro da lingua** mantívose moi activo este curso, quizais porque a voráxine informativa sobre cuestións de linguas fixo imposible calquera intento de pasividade. Dúas profesoras fomos as encargadas de xestionalo durante todo o curso. O alumnado participou pouco este curso nesta tarefa, pois non tiñamos case acceso ós xornais en papel e as noticias que tirabamos da rede imprimíamolas na sala de profesorado, debido ás deficiencias técnicas con que contabamos no local do ENDL. .

O **Taboleiro da lusofonía** case non tivo actividade por falta de implicación do alumnado e falta de tempo do profesorado.

PROXECTOS NOVOS

1. NORMALIZACIÓN E INTERNET

- **Xornada de presentación: Internet na escola**

Descrición e avaliación:

Tal e como programamos fixemos unha presentación da revista e do blog na semana do 20 ó 24 de outubro. Organizamos as seguintes sesións:

Luns 20: unha sesión para 1º ESO e outra para 2º ESO

Xoves 23: unha sesión para 4º ESO e outra para 1º Bach.

Venres 24: unha sesión para 3º ESO

Nun primeiro momento pretendemos realizar sesións individuais por cursos para levar o alumnado á aula de informática, mesmo pensamos en aproveitar as titorías da ESO, pero a falta de implicación dos titores por un lado e a imposibilidade de facer coincidir os horarios dos membros do ENDL coas horas de titorías dos diferentes grupos pola outra, fixo imposible tal tarefa. Polo tanto, realizamos unha presentación en power-point no Salón da Actos que foi presentada polo profesorado do ENDL xunto co alumnado que o ano pasado realizou o curso da revista e que organizaba o blog (Raquel Cespón, Lucía Triñanes, Lorena Villanustre, Patricia Túñez e Esther Dominguez).

Cubrimos o obxectivo fundamental que era dar a coñecer os nosos produtos na rede para implicar maiormente a todo o alumnado, familias e persoal non docente. Ademais de familiarizalos cos enderezos, achegámoslos á súa elaboración e animámoslos a participar.

O alumnado de 1º ESO foi moi receptivo, de feito houbo un número importante de adhesións ó equipo.

Para os pais pensamos nun primeiro momento aproveitar a asistencia á reunión de titores que se organiza a principios de curso, pero desbotámola porque cada titor acaba a unha hora diferente e podería ser contraproducente. Polo tanto, organizamos –en colaboración coa ANPA- unha presentación o día 18 de decembro, facendo coincidir –de ser posible- cunha charla sobre as Vantaxes do plurilingüismo.

Na revista: “Xornada de presentación do ENDL”

Destinatarios: Alumnado do centro, profesorado, persoal non docente e pais do alumnado. O profesorado acudiu de forma obrigada acompañando o alumnado co que tiña clase. Non veu ninguén de xeito voluntario

Colaboración: ANPA, vicedirección, titores

Temporalización: primeiros 15 días de outubro

Orzamento: 0€

- **Creación da páxina WEB do ENDL**

Descrición e avaliación: No curso 2007-2008 e dende o Departamento de Normalización e Dinamización Lingüística solicitouse á Consellería o permiso e a clave para a creación dunha páxina web específica co modelo de webs dinámicas que eles ofertan. Ante a imposibilidade de levala adiante de forma única para o noso Departamento, pospuxémola ata o presente curso académico, momento no que a nova dirección se pon á fronte do tema. Para isto organiza un curso co responsable do SIEGA da zona solicitando a presenza nesas reunións informativas da coordinadora do ENDL (por ser o equipo de normalización o departamento que ten traballado algo coas novas tecnoloxías dentro do centro), e a dúas persoas que integran o proxecto das TICS. Deste xeito, nos os tres –capitaneados polo vicedirector e instruídos polo técnico do SIEGA- comezamos os primeiros pasos para poñer en marcha a páxina. Dado que o primeiro traballo é de construción interna, apenas se poden ver os primeiros resultados na rede. O equipo logrou poñer enlaces á revista e ó blog desde alí, e ter un espazo propio na pantalla principal, que nun primeiro momento non se contemplaba.

Ademais dos enlaces ós nosos sitios web e ademais dalgún artigo de proba, estamos pendentes de colocar os materiais do noso proxecto NO MEU MAR, NA MIÑA LINGUA: vocabularios, láminas, curtametraxes; así como o material fotográfico dos INTERCAMBIOS.

Quedamos nos dous últimos meses de curso colgados con este tema debido ós movementos que houbo na dirección do centro, que lle impediron ó vicedirector poder organizar o traballo e a última sesión formativa para comezar a colgar a información.

Con toda no claustro de comezo do 3º trimestre presentouse a todo o profesorado.

Destinatarios: Toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias), veciños, membros de ENDL doutros centros, estudantes e profesorado doutros centros.

Realización: todo o curso.

Custo: 0€

2. LETRAS GALEGAS 2009. HOMENAXE A RAMÓN PIÑEIRO

Actuacións previstas na programación:

- **Exposición sobre o homenaxeado**

1- Información no taboleiro desde xaneiro

- 2- Panel en colaboración co departamento de plástica
- 3- Exposición bibliográfica
- 4- Difundir a parte galega da obra cuadrilingüe: *Lembrando a Castelao*.

Descrición e avaliación:

Comezamos coa elaboración dos **carteis** xa a principio de curso pero o alumnado non se sentiu motivado co autor, resultáballes moi difícil a súa obra filosófica e o profesorado que se ía encargar de coordinar ao alumnado de bacharelato para que traballase –por motivos varios- non o fixo.

Non se fixo realmente unha exposición senón que derivamos as actividades cara a que o alumnado creasen artigos sobre Ramón Piñeiro. Xa a principio de curso abrimos un artigo avisando de que comezamos a actividade “Letras galegas 2009: Ramón Piñeiro”. Logo abrimos unha subsección no Curruncho de artistas chamada “Letras galegas 2009: Ramón Piñeiro” onde se incluíron tres artigos relacionados coa vida o obra do autor.

- **Piñeiro e o ensaio filosófico galego**

O profesor de filosofía que se comprometera a dirixir o alumnado de 1º bacharelato para facer a actividade tal e como a programáramos desvioulle a actividade ó compañeiro de departamento, que colaborou entregando un artigo onde analizaba a fondo o significado de *A filosofía da saudade*. O problema que tivemos é que se nos entregou bastante tarde, xa entrado maio e non puidemos organizar nada co alumnado e menos desenvolver a actividade do libro viaxeiro que pretendíamos. Desta forma, este interesante artigo pasou á revista e animouse nas aulas a que o alumnado o lese.

Véxase na revista dixital www.bicodaria.org o artigo titulado: “Saudade 1951”

Custo: 0 €

- **Concurso de lectura en alto:**

Descrición:

Na revista na sección *Nós, normalizando* podemos ver o artigo “Bases do Concurso de lectura en alto” e mais “Concurso de lectura en alto” onde se dá conta dos gañadores.

Organizamos o **II Concurso de lectura en voz alta** aberto a todo o alumnado do centro con textos do homenaxeado (Véxase Anexo 9). O ano pasado, na primeira convocatoria que se

realizou, xurdindo a idea a mediados de curso, houbo unha grande concorrencia tanto de participantes coma de público. Este ano houbo unha importante concorrencia naqueles grupos nos que o profesorado animou ao alumnado a participar, mais isto non ocorreu en tódolos grupos. Tentamos conseguir outro local para realizar a lectura, xa que o salón de actos ten moi mala acústica e ao final optamos por utilizar unha aula de 3º de ESO que está en fronte ó local do ENDL. O xurado formárono algúns profesores pertencentes e non pertencentes ó ENDL e algúns alumnos do ENDL, que se presentaron voluntarios. Desenvolveuse nos recreos da semana das letras galegas.

Os textos que leron pertencen á obra *A lingoaxe i as linguas* e escollemos as partes que tratan sobre os prexuízos existentes arredor do galego, moitos deles próximos ós do noso alumnado e o seu contorno. Na programación indícase que se lles pasarían previamente os textos aos alumnos, mais ao final o equipo acordou non pasarllos.

O curso pasado organizamos dúas modalidades para o premio: unha para o 1º ciclo da ESO e outra para o 2º ciclo e bacharelato. A sorpresa foi que recibiron o premio dous alumnos de 2º da ESO, xa que quedou deserto o do 2º ciclo, polo tanto este curso, pese que na programación estaba previsto convocar un único premio para todo o centro, acordamos, previa petición do alumnado que se concedesen dous premios sen especificar categoría.

Avaliación: moi positiva, tanto polo interese, participación como polo nivel dos lectores.

Custo: 100 €(dous vales de 50%). Na xustificación incluimos un só, o outro corre a cargo dos fondos do ENDL.

- **Conferencia e actuación**

Descrición e avaliación:

Seguindo os criterios que temos para elixir conferenciante sobre o homenaxeado (coñecedor da materia e didáctico) chamamos ó profesor **Luis Aldegunde**, dado que no momento da organización do evento non tiñamos coñecemento de ninguén máis que estivese a traballar sobre o autor, e el xa tiña un vídeo feito sobre Ramón Piñeiro.

Veú ó centro o luns 11 de maio e deu a conferencia inaugural das actividades das letras, cunha charla titulada “Que foi Ramón Piñeiro?”. Non defraudou. En 50 minutos deixoulles claro ó alumnado de 1º de bacharelato que asistiu quen era o autor. A avaliación por parte do alumnado sobre a actividade foi moi positiva, pero temos que comentar que faltou un 30% xa que o profesorado que lles daba clase e a vicedirección do centro non promoveron a asistencia, pese a que estaba ben avisada.

Realización: luns 11 de maio ás 5 da tarde

Custo: 120 €nun vale regalo para libros cos que agasallamos ao conferenciante, que se negou a cobrar; diñeiro que correu a cargo do ENDL.

Serafín Marcos volveu unha vez máis ó noso IES para realizar unha actividade lúdico-instrutiva sobre o autor homenaxeado este ano. Esta actividade sempre tivo moito éxito entre o alumnado, polo que este curso escollemos ó nivel de 3º ESO para que asistisen, xa que pensabamos que era a forma divertida de ensinalles unha panorámica sobre a vida e obra do autor. O problema foi que o alumnado de 3º ESO deste curso era especialmente “difícil” e, tal e como nos pasou coa charla de Xurxo Souto (vid. Charla sobre música galega en galego (presentación do CD), páx. 29), non respondeu adecuadamente e non lle gustou a actividade. É máis, como Serafín non deixou que o vacilasen como estes querían, estes optaron por tomar unha actitude de rebote e enfrontamento con el, xulgando unha actividade moi interesante de xeito destrutivo. Tanto foi así que grazas a un grupo reducido pero entre os que se atopaban certos líderes, a profesora encargada de impartir a materia de lingua galega nese nivel, non puido desenvolver a unidade didáctica que o propio Serafín deixara preparada para completar a actividade.

Realización: venres 15 de maio

Avaliación: polo profesorado positiva, por parte do alumnado: regular (para uns estivo ben e para outros moi mal)

Custo: 180€

3. O GALEGO E O CINEMA

Descrición e avaliación:

A idea de vicedirección de crear unha aula de cinema para os venres pola tarde destinada a pais e alumnado púxose en marcha algo tarde. O ENDL participou nesta actividade ofrecendo unha selección de películas en galego para que fosen incluídas pero non se escolleu ningunha delas.

No que si contribuíu foi en traducir e corrixir as fichas técnicas da película coa pertinente siphose para entregalles aos espectadores. Dado que se proxectaron só tres obras

Temporalización: Todo o curso

Destinatarios: alumnado e pais

Custo: 0€

4. MÚSICA EN GALEGO

- **Reparto do CD “Os quince máis votados”**

Descrición e avaliación: Unha vez conseguido financiamento, rematouse de imprimir e xa se puido repartir o CD “Os quince máis votados” elaborado durante o curso pasado no noso IES pero que quedara pendente de distribuír. O alumnado do ENDL montou as caixas dos CDs cos libriños onde se recollían as letras das cancións.

O ENDL ten como premisa non entregar masivamente nas aulas ningún material do que elabora para o alumnado, simplemente para que se valore máis, dado que está comprobado que aquilo que é regalado ten menos mérito para eles. Polo tanto a estratexia a seguir é a súa posta á venda (método experimentado con éxito cando era a revista en papel) por un prezo simbólico (50 céntimos de euro) durante unha semana nos recreos. Uns cantos alumnos e alumnas do ENDL encargáronse de colocar unhas mesas na entrada principal do IES e organizáronse por quendas para realizar o reparto a todos aqueles que o quixeron.

En xeral o CD tivo éxito e gustou moito.

Para que a actividade tivese continuación no presente curso, acordamos sumarlle dúas actividades en colaboración co departamento de música, que son as que se describen abaixo.

Orzamento: Colaborou a ANPA connosco en parte do financiamento da edición do curso pasado. O gasto dos “libriños” que contiñan as letras correu por cargo noso.

- **Charla sobre música galega en galego (presentación do CD)**

Descrición: Finalmente, como adiantabamos no proxecto, puidemos traer ó centro a Xurxo Souto coñecido dunha grande maioría dos mozos e mozas. Escollemos para asistir ó alumnado de 3º ESO, porque nos pareceu que podería ser unha actividade coa que conectasen ben e lles servise de proveito. Dábanse ademais dúas circunstancias que axudaban: a) a profesora que impartía aulas en 3º ESO traballou o tema nas clases e b) había un grupo de alumnos de 3ºA que estiveron facendo un traballo sobre música galega e tiñan especial interese en asistir.

Aproveitamos a ocasión para presentar en público o CD “Os quince máis votados”, e comezar a súa distribución.

Tamén abusamos da dispoñibilidade de Xurxo para que unhas alumnas do ENDL lle fixesen unha entrevista.

Avaliación: A actividade realizada por X. Souto estivo impecable (segundo a opinión tanto do profesorado que alí estivemos coma de dúas ex-alumnas que se achegaron para velo) pero o alumnado non a disfrutou nin a valorou o suficiente. Despois de analizarmos a cuestión atopamos dúas razóns fundamentais:

- a. En xeral, non o entenderon ben. O grupo de alumnos de 3º A que fixeran o traballo non puideron asistir porque o profesor co que tiñan clase nesa hora non os subiu, segundo el porque non se “enterara” da existencia da actividade, anunciada no taboleiro da sala de profesorado. O resto mostrou todo o tempo unha actitude desmotivada e, polo tanto, pouco participativa.
- b. (e co tempo demostrouse máis importante) a propia apatía do alumnado de 3º ESO deste curso que se demostrou, por activa e por pasiva, con todo: abandonaron o traballo no ENDL, cando o curso pasado –mentres estaban en 2º- participaban masivamente; non lles interesaba ningunha actividade e mostrábanse desganados e moi críticos con todo. A outra actividade complementaria á que asistiron, a de Serafín Marcos, tampouco lles gustou nin entenderon...

Temporización: A actividade realizouse o 1º trimestre, concretamente o día 27 de novembro, data que escollemos para que puidese achegarse ó noso centro e ó de Coroso (Ribeira) na mesma mañá.

Colaboración: Vicedirección e departamento de música.

Custo: 100€ pagados co diñeiro do ENDL, pequeno detalle de agradecemento pois non nos quería cobrar nada.

- **Concerto de música actual (reconvertido a Obradoiro de Hip-hop)**

Descrición: O que deseñamos como concerto de música actual e medio organizáramos coa vicedirección para que fose unha actividade de final de trimestre, reconverteuse en Obradoiro de Hip-hop. Os motivos: o ofrecemento do grupo Machina, un dos que tiñamos pensado contactar, para desenvolver o obradoiro. Aceptamos porque lle vimos máis interese có concerto en si, polo que tiña de formativo e ó mesmo tempo de dinamizador da lingua.

De novo en colaboración con outros IES da comarca (o IES Coroso de Ribiera e o IES da Pobra) achegamos ó grupo Machina a Rianxo durante unha mañá. A “tourné” comezou no noso IES ás 9,20 da mañá, momento en que os dous compoñentes do grupo comezaron na aula de música do edificio anexo a actividade que durou unha hora.

Avaliación: Positiva pois o alumnado viu o galego como unha lingua útil para a música moderna e para disfrutar do seu ocio. Ademais os “autores” animaron o alumnado a escoitar e mesmo a facer música en galego. Acertamos tamén coa escolla do local, pois as actividades sempre se fan no salón de actos que ten unha acústica pésima, polo que esta vez –grazas á colaboración do profesor de música que nos prestou a aula- esa cuestión non supuxo problema.

Tivo dous pequenos fallos: 1) a hora, que fixo que o alumnado estivese aínda en proceso de espertar; e 2) que os destinatarios (alumnado de 2º ESO) non tiñan nada preparado sobre o tema

dado que o profesor de música non traballara con eles nada deste tipo de música, polo que os colleu un pouco de sorpresa. Mentres venceron a sorpresa e a timidez pasóuselles o tempo de compoñeren as súas canción.

Temporización: Ó pensalo como obradoiro e non como concerto deixouse para xaneiro, concretamente o día 27.

Destinatarios: 2º ESO

Colaboración: Departamento de música, dpto de lingua galega e literatura, vicedirección

Custo: Ó vir a varios centros, reducimos custos e tivemos que pagar só 175€ que asumiu o departamento de música.

LABOR EDITORIAL

1. REEDICIÓN DE MATERIAIS:

- **Ficha de “dúvidas lingüísticas” para o profesorado (Reedición ampliada e corrixida)**

Descrición e avaliación: Tal e como tiñamos programado, reeditamos a ficha e repartímola entre o profesorado ó principio de curso cando deixamos o material de presentación do ENDL. Tivo moi boa acollida entre o profesorado novo, pero non tivemos case ningunha consulta durante todo o curso.

Custo: 0 € xa que foi maquetado por nós e as copias fixéronse no centro

- **Tríptico “o galego na rede: ferramentas de axuda”.**

Descrición e avaliación:

Elaborouse o material pero non tivemos diñeiro para editalo. Polo tanto só saíu a versión dixital (Vid.. CD “Artesa da lingua” na páxina 33)

Contamos con que se poida editar cando consigamos financiamento.

- **Díptico de actualización normativa**

(Reedición)

Descrición e avaliación: Tal e como programamos reeditamos este material que contén un resumo básico cos cambios sobre a norma estándar do galego para repartir entre o profesorado. Nun primeiro momento entregámosllo só a aqueles novos, pero logo pedíronnos máis exemplares outros compañeiros que xa o recibiran en ocasións anteriores pero que o perderan. Vista a demanda que tiña este díptico incluímos esta información no **CD “Artesa da lingua”**

Custo: 20€ que correron a cargo do centro.

2. EDICIÓN DE MATERIAIS NOVOS:

- **Revista en DVD**

Descrición: Dado que Rianxo é un concello rural, moitas das familias non teñen acceso a internet nas súas casas, o que deriva en que o alumnado que colabora connosco non poida ter acceso á revista e non poida mostrar na casa os seus traballos.

Nun principio queriamos tamén incluír os contidos do blog O castelo da lúa e os do blog Ex-libris, así como un dossier de fotografías das diferentes actividades realizadas no curso.

O problema estivo en que, aínda que lle pedíramos o orzamento a unha empresa de Ribeira no mes de xaneiro, cando contactamos con eles a primeiros de maio para pechar o traballo déronnos largas e a primeiros de xuño comunicánnos que non o poden facer. Así que tivemos que buscar outra persoa que soubese empacar a revista desde a rede a un DVD. Como todo foi tan apurado non conseguimos que empaquetasen tamén os dous blogues, tarefa que queda pendente para realizar no verán.

Avaliación: Dado que non se puido repartir aínda entre o alumando non podemos avaliar a súa resposta, pero pensamos que terá éxito polo interese que houbo no seu reparto.

Custo: 420 € a cargo do ENDL e do centro.

- **CD “Ferramentas ofimáticas en galego”- Convertido en CD: “A arteza da lingua”**

Descrición: En soporte CD realizouse, tal e como tiñamos programado, unha recompilación de ferramentas ofimáticas con soporte en lingua galega para distribuír entre o profesorado e persoal non docente. Pero visto que non nos chegaba o diñeiro para reeditar a versión ampliada do tríptico e que o díptico da actualización normativa seguía sendo demandado, acordamos incluír tamén estas informacións todas xuntas e polo tanto mudarlle o nome ó material pois xa non ía levar só ferramentas ofimáticas. Tardamos moito en consensuar o nome que finalmente quedou o dese elemento tradicional tan básico nas casas galegas que agora se perdeu, deixando paso a esta arteza nova que leva todo o necesario para defenderse en galego coas novas tecnoloxías.

Os materiais que están incluídos dentro, son:

ENDEREZOS: a información do tríptico “Ferramentas...” moito máis ampliada, é dicir, tódolos enderezos coas ferramentas lingüísticas para que poidan copiar directamente os enlaces e entrar en:

1. dicionarios
2. cursos de lingua galega

3. exercicios de lingua
 4. páxinas de recursos
 5. tradutores e correctores
 6. xogos, videoxogos e entretemos
 7. portais de interese
 8. toponimia
- 2- BIBLIOGRAFÍA: Recóllese toda a bibliografía específica existente en lingua galega organizada por áreas temáticas que coñecemos que lle poida servir de axuda ó profesorado.
 - 3- NORMAS. Varias versións cos cambios normativos do 2003, desde a máis resumida feita por nós, ata a extensa da RAG ata a deseñada polo CDSG.
 - 4- SOFTWARE- Por último vai todo o software existente en galego para que cadaquén poida descargalo no seu ordenador.

Aínda que todos eles se poden baixar de internet nos enderezos que aparecerán no tríptico arriba descrito, hai membros do profesorado que non teñen acceso á rede nas súas casas ou que non se manexan ben con internet e que lles resulta máis doado telo nun CD executable.

Avaliación: A recompilación da información e a organización do CD fixémosla nos primeiros meses de curso pero logo custounos moitísimo atopar unha persoa que nos fixese a maquetación e o deseño co diñeiro do que dispoñíamos nese primeiro trimestre. Encargamos e pagamos o deseño pero como non podíamos pagar a edición completa houbo que esperar ata os últimos meses de curso, Nese momento fixo uns retoques no deseño e ó cambiar el mesmo algúns epígrafes, así como a portada externa e a galleta do disco, cometeu erros ortográficos: tradutores e dicionarios teñen un c de máis. Daquela tivemos que parar a edición para que nos corrixisen os erros, pero xa non foi posible que estivese listo para o momento da entrega desta memoria, nin para repartir entre profesorado e persoal non docente antes das vacacións, como tiñamos pensado. A valoración que os destinatarios fagan do CD saberémola a primeiros do vindeiro curso.

Custo: 229,42€

- **Calendarios**

Descrición: Editamos os calendarios de aula en colaboración co departamento de orientación e mais un calendario xeral para distribuír dentro e fóra do centro. Este curso editamos o calendario do 2009 coa reprodución das láminas elaboradas o curso pasado dentro do proxecto *No meu mar*,

na miña lingua, aproveitando os deseños e léxico estudados dentro do proxecto. O calendario consta de 4 follas, unha por trimestre e cada unha leva unha lámina diferente.

A principal distribución dos calendarios fíxoa o alumnado do ENDL quen, organizado por parroquias, leva os calendarios a tódolos establecementos comerciais e de restauración do concello. Tamén se distribuíronn calendarios entre os centros de ensino da comarca, ben por correo postal, ben nas reunións das coordinadoras comarcais. Tivo tanto éxito que tivemos que agochar dous exemplares para que nos quedasen para a memoria.

Custo: 480,83€- Correron a cargo da ANPA

EDICIÓN DE DOUS TRÍPTICOS FÓRA DA PROGRAMACIÓN

Participamos na elaboración de dous trípticos, que xurdiron dentro das coordinadoras das que forma parte o noso ENDL e que son :

- **Tríptico “O Barbanza nas nosas letras”**

Tríptico elaborado polos membros da Coordinadora do Barbanza para entregárllelo ós pais no Nadal ofrecéndolles unha selección de lecturas centradas na nosa comarca e animándoos a comprar libros como agasallos de Nadal. O noso centro participou no deseño e correu cos trámites da edición.

Pagámolos a medias entre tódolos centros

Custo: 67,28€

- **Tríptico “As linguas suman”.**

Elaborado pola Coordinadora Galega de ENDL a propósito da anunciada consulta aos pais por parte da Consellería. Redactámolo antes de ver a enquisa e logo enviámolo previamente á consulta, xunto cunha carta onde se facían aclaracións sobre a enquisa. No noso centro xa estaba metido no correo cando chegou a orde da Consellería de que non se fixese ningún acto a favor ou en contra da enquisa. Con todo, non nos parece que o envío deste tríptico informativo sexa “un acto en contra da enquisa”.

Dadas as eivas que presentaba a enquisa, redactamos unha carta que presentaba o tríptico e que aclaraba unha das preguntas da enquisa, dado que a maioría dos pais do noso alumnado non é capaz de entender a que se refería con “materias troncais” e podía pensar que se estaba preguntando por todo o ensino. A carta pódese ver no Anexo 7.

ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN COLECTIVA: CHARLAS, CONTACONTOS E OBRADOIROS

Descrición e obxectivos xerais:

Tódolos anos tiñamos unha oferta de actividades que teñen como obxectivo implicar activamente a unha gran parte do alumnado abertas tamén a profesorado e pais que case nunca participaban. Este ano acordamos organizar unha actividade exclusiva para pais e nais, á que tamén poden acudir membros do profesorado que son pais e nais de familias.

Cada unha das actuacións que se engloban neste apartado programáronse cuns obxectivos específicos coa intención de cumprir algún dos obxectivos xerais, fundamentalmente o de tentar dignificar a lingua e eliminar prexuízos. Por iso este curso viramos bastante a programación inicial, deixando de lado unhas charlas para introducir outras que pensamos que se nos axustaban mellor e/ou eran máis novidasas.

Estas actividades fan, en certa medida, visible parte do traballo do equipo. A través delas tamén se lle ensina ó alumnado do ENDL como é a organización das actividades e implicámolo nas decisións, o que o leva a asumir responsabilidades... Eles participan no contacto cos conferenciantes, contacontos...preséntanos, avisan ós cursos implicados na actividade, sacan fotos e encárganse de redactar artigos para a revista. Este ano fixemos un esforzo grande por mellorar a elaboración dos artigos para a revista dixital, que requiría certa inmediatez que o alumnado non adoitaba dar. Así levabamos os portátiles ó salón de actos e alí xa comezaban a tomar notas.

Actuacións específicas:

1. Charla para familias: Vantaxes do plurilingüismo

Descrición e avaliación: Para que a charla tivese éxito pensabamos que debía acudir unha persoa con coñecementos acreditados sobre o tema e que puidese transmitir de forma doada esa información cara ás familias. Para iso puxémonos en contacto coa Secretaría Xeral de Política lingüística e solicitamos información sobre quen sería a persoa idónea para cumprir as nosas expectativas. Desde alí enviaron a Beatriz García Turnes, quen elaborou unha presentación clarísima e ó mesmo tempo científica sobre as vantaxes de aprender dúas linguas desde idades temperás.

Á charla, que se celebrou ás 8 da tarde e que foi anunciada en prensa, acudiron moi poucos pais: os membros da nosa ANPA e algún pai-profesor de colexios de primaria. Con todo na metade da charla encheuse o salón, dado que a profesora de francés -que organizaba a viaxe a París-

convocara os pais dos alumnos viaxantes para as 8,30 no mesmo recinto do IES (O salón de actos), de aí que se encheu e boa parte aproveitou o relatorio de Beatriz sobre as vantaxes de que o alumnado aprenda varias linguas, así cubríronse bastante ben os obxectivos propostos.

Realización: 18 de decembro . Na programación estaba prevista para o 3º trimestre, pero decidimos adiantala porque estabamos vendo con desgusto que se estaba creando un estado de opinión na sociedade por parte de grupos extremistas que se ía incrementando conforme se achegaban as eleccións.

Destinatarios: familias do concello, tanto pais e nais do alumnado do IES coma dos colexios de primaria

Colaboración: ANPA Virxe de Guadalupe, ENDL dos diferentes centros de primaria (Asados, Taragoña, Castelao e CRA)

Custo: A cargo directo da Secretaría Xeral de Política lingüística.

2. Contacontos

Descrición e avaliación: Este ano contamos coa presenza de Celso Fernández Sanmartín que se achegou ó centro para encher as actividades das Letras Galegas. Xa que estabamos co proxecto No meu mar, pedímoslle que realizase unha sesión de contos de temática relacionada co mar. Veu o día 18 de maio pola mañá e realizou dúas contadas, unha para primeiro e outra para 2º ESO.

Ó alumnado gustoulles moitísimo, tal e como se pode apreciar no artigo que escribiron na revista sobre el.

Orzamento: 450 € polas dúas actuacións

3. “Galicia e as relacións cos países de lingua portuguesa”

Descrición e avaliación:

Non se puido realizar por problemas de axenda. Xa a tiñamos anunciada no programa das actividades da semana das letras e houbo que anulala por falta de dispoñibilidade dos encargados de impartir a clase (a profesora de literatura portuguesa e brasileira da facultade de Santiago – Carme Villarino- e mais dous lectores de portugués). Como o alumnado de portugués fora á facultade a unha clase o día 22 de xaneiro (véxase o apartado “saídas”) compensoulles esta falta de contacto coa realidade lusófona.

4. Obradoiro de optimización comunicativa. “O falar non ten cancelas”

Descrición e avaliación:

Non se puido realizar por falta de tempo e diñeiro. Optouse por deixar este obradoiro porque xa se fixera outros anos.

5. “Charla- obradoiro de dereitos lingüísticos”

Descrición e avaliación:

Non se realizou esta actividade porque xa se fixera e á vista de que podíamos traer outras e o diñeiro non chegaba...

6. Obradoiro de regueifas

Descrición e avaliación: Pinto de Herbón e Luís Caruncho demostraron unha vez máis que son quen de entreter e divertir o alumnado e conseguir que os rapaces e rapazas aprendan as bases para elaborar unha regueifa e que a leven á práctica. Organizamos dúas sesións o luns 9 de febreiro dirixidas ó alumnado de 1º ESO. Acordouse facelo así porque presentaba menos problema organizativo no centro, pese a que ó primeiro pensáramos unha sesión para 2º ESO e outra para BAcharelato. Por unha banda, algún alumnado de bacharelato xa participara outros anos e, aínda que pedían repetir, optamos por facilitarlle o obradoiro ós de 1º ESO porque -ó seguir o criterio de que quedasen fóra aqueles alumnos e alumnas que non estaban tendo un comportamento axeitado- conseguimos meter a todos nas dúas sesións organizadas.

Realización: 9 de febreiro. Acordouse esta data por estar próximo o entroido e ser unha temática que se prestaba.

Custo: 400 €

7. Jorge Mira: curiosidades da ciencia

Descrición e avaliación: Conseguimos contactar con Jorge Mira a principios de curso e propuxémoslle vir ó centro para traballar na eliminación de prexuízos do noso alumnado tentando demostrar que a ciencia se pode facer tan ben ou mellor en galego (a lingua da maioría do alumnado) ca en castelán, xa que a nivel internacional o idioma que deben saber para manexarse no mundo científico é o inglés, non o castelán. Fixo esta introdución e logo tivo o alumnado de 4º ESO entretido durante unha hora explicándolles curiosidades da ciencia de xeito moi ameno.

Avaliación: moi, moi positiva xa que -quizais por ser un personaxe mediático, quizais polo interese da charla- encheuse o salón do alumnado que estaba programado, pero tamén dalgún outro que pediu expresamente ir e puido “coarse” e de profesorado que subiu en “masa”. Os comentarios despois da actividade foron moi positivos.

Véxanse os artigos na revista e no blog sobre a charla, no blog pódese ver uns minutos da actuación.

Realización: 13 de maio

Custo: 120 €pagados cos fondos do ENDL

8. Vicente Feijoo: Litonimia e toponimia

Descrición: Por unha coincidencia apareceunos a oportunidade de que unha persoa que leva anos traballando no Proxecto Toponimia de Galicia viñese falar deste tema ó IES, especialmente da sección de litonimia na que é especialista. A charla, apoiada por unha presentación con moitas fotografías foi moi clara e ilustrativa para o alumnado de 4º ESO. Pode verse na revista dixital un artigo sobre ela no apartado de O IES rebule, co título de “Vicente Feijoo”. Tamén temos un artigo sobre o tema que amablemente o autor nos enviou para o apartado *Saber máis* co título de “Litonimia galega: os nomes das pedras en Galicia. Cultos, ritos e lendas”

O problema que houbo con esta actividade estivo na falta de colaboración do profesorado, que nas dúas horas da charlas, aproveitou para marchar directamente para a cafetería desde a sala de profesorado, sen pasar polas aulas. Entre os que fixeron isto, un par de persoas que faltaron e o “despiste” dos de garda, o alumnado de 4º que tiña un exame “moi difícil de historia” aproveitou a pecharse por dentro nas aulas ou a meterse na biblioteca, a onde a coordinadora do ENDL tivo que ir recrutarlo.

Avaliación: Positiva do que foi a exposición do especialista, valorado así polo alumnado que estivo “atento”. Negativa en relación a todas as circunstancias que a envolveron que deixa á luz un problema grave de fondo existente no noso centro coas actividades complementarias.

Realización: 15 de maio

Custo: 200 €pagados cos fondos do ENDL

As charlas relacionadas co club de lectura:

9. Sechu Sende fala da súa obra e da súa lingua

Descrición e avaliación: O martes 10 de febreiro contamos coa presenza de Sechu Sende no noso IES para falar de sociolingüística a través do seu libro “Made in Galiza”, obra que leron os alumnos e alumnas de 4º ESO e 1º de Bacharelato na súa totalidade, case todos os de 2º de Bacharelato e boa parte dos participantes do Club de lectura o ano pasado. Tamén o 80% do alumnado de 3º ESO traballou algúns dos textos na clase. Desta forma a expectación de cara á actividade era moita por parte de todos, pero como tivemos que limitar o aforo segundo as posibilidades do salón de actos só participaron os alumnos e alumnas de bacharelato (1º e 2º). Quedaron **moi satisfeitos** coa actividade, xa que Sechu foi quen de engancharlos perfectamente e ademais axudou o feito de teren todos lida a obra.

Véxanse artigos na revista sobre el no apartado *O IES rebule*

Custo: 0€ Correu a cargo da editorial Galaxia.

10. Kiko da Silva e a banda deseñada

Descrición: O 17 de febreiro tivemos a oportunidade de que se achegase ó noso centro Kiko da Silva para falarlle ao alumnado da banda deseñada en galego. Por un lado quería darlles a coñecer a existencia de banda deseñada en galego e ó mesmo tempo, mediante unhas nocións prácticas sobre como se elaboraba a banda deseñada, enganchalos para a súa elaboración. Isto entraba nun proxecto máis amplo no que pretendiamos traballar co alumnado varios relatos de Sechu Sende converténdoo en cómic en colaboración co profesorado de plástica e que por motivos diversos non se puido levar a cabo.

Avaliación: Moi positiva. O alumnado estivo encantado durante a hora que durou a charla. Poden verse os artigos na revista e no blog. Tamén temos unha gravación da actividade que non puidemos aínda colgar na rede.

Realización: 17 de febreiro

Custo: 250 € a cargo do Club de lectura. Fíxonos prezo especial porque nos organizamos cos centros de primaria para que aproveitase o día en Rianxo.

11. Yolanda Castaño fala de poesía galega actual

Descrición e avaliación: O paso de Yolanda Castaño polo noso IES supuxo un punto de inflexión na concepción do alumnado de bacharelato –receptor da charla- sobre a poesía e nomeadamente sobre a poesía galega. A posibilidade de traer a esta poeta ó centro xurdiu no mes de decembro e pese a que tivo que vir a costa de deixar fóra outras charlas mereceu a pena. O alumnado, á parte de estar atentísimo, quedou marabillado do que explicou sobre poesía galega actual pero especialmente do recitado de poemas. Se a isto unimos que pouco despois comezaron co obradoiro de poesía de Carlos Negro impulsado pola AELG, penso que conseguimos entre para do alumnado de bacharelato que asistiu ás dúas actividades unha mudanza nas súas actitudes negativas cara a este xénero poético.

A expectación que xerou a poeta, coñecida polo alumnado pola súa actividade televisiva, axudou tamén ó éxito da actividade.

Realización: 30 de abril

Custo: 200 € (prezo axustado por vir a dous centros da comarca na mesma mañá)

SAÍDAS:

A PORTUGAL

Descrición: Dado que existe no noso centro desde hai catro anos a optativa de lingua portuguesa para bacharelato e este curso tamén para 4º ESO, organizamos unha viaxe a Portugal cos discentes desta materia e abrímolos a todos os interesados de 1º e 2º de Bach.. Os dous cursos anteriores xa saímos con eles cun resultado moi positivo, tanto na viaxe a Viana do Castelo coma na do Porto. Desde o departamento de lingua galega e literatura acordouse que en 1º Bacharelato o alumnado lea a obra de Rosa Aneiros *Resistencia*, que xa a leron o curso pasado e así se sentisen máis motivados para iren ata Peniche. Logo quixeron ir tamén a Lisboa e dado que só podíamos perder dous días lectivos, para que lles deixasen ir aos de 2º de Bacharelato, foi unha viaxe “expres” desde un martes 30 de marzo ó medio día, ó saír das aulas, ata o venres 3 de abril de madrugada. En principio este venres, véspera de vacacións de S. Santa podíamos collelo porque ía haber actividades, cando logo se suspenderon e como só dera o claustro permiso para dous días lectivos, houbo que volver antes e quedou a viaxe algo “curta”.

Avaliación: moi positiva, tanto para o alumnado de portugués coma para aqueles que non o eran. Descubrir que se entendían perfectamente nun país “estranxeiro” co galego ou portugués que sabían resultoulles moi satisfactorio e moi normalizador.

Custo: A viaxe saíu por 100€por alumno que pagou cada un deles..

A SANTIAGO

Descrición e avaliación: Organizamos unha saída á Facultade de filoloxía o día 22 de xaneiro co alumnado de portugués, aproveitado o convite por parte da profesora de lingua portuguesa da devandita institución, Carme Villarino, cando veu dar unha charla ó noso IES. Fomos o mesmo día que o alumnado de francés ía ver unha obra de teatro, así aproveitamos o autobús e “descalabramos” menos a actividade do centro. Aproveitamos para levalos ver o panteón de galegos ilustres antes de ir á facultade e mais o Auditorio de Galicia. A aula desenvolveuse en dúas horas nas que o noso alumnado compartía espazo co que estaba matriculado na materia. Previamente o profesorado de portugués da facultade fíxolles un percorrido polas diferentes dependencias da mesma.

O alumnado veu encantado sobre todo porque entendeu practicamente todo o que dixo o profesor e tamén pola experiencia de sentar nunha aula da facultade.

Poden verse os comentarios na revista dixital ó lado do artigo descritivo da actividade.

Orzamento: 203,30 € para o autobús

VARIOS

Neste apartado introducimos aquelas actividades puntuais que non entran en ningún dos grupos anteriores.

Por un lado, presentamos actuacións novas:

- **Rotulado en galego do centro**

Descrición: A dirección do centro, tal e como avisamos na programación, encargouse de elaborar e corrixiu os rótulos das algunhas dependencias do centro, que aínda non estaban “normalizadas”

Custo: Correu a cargo do centro

- **Cartas de amor plurilingües - Reconvertido a Cartas de amor**

Descrición: A actividade de impulsar a realización de cartas de amor lévase realizando desde hai seis anos no centro, sempre con moito éxito entre o alumnado, pero na modalidade de “fóra de concurso”, onde o único que se esixe é escribir unha carta en galego para que sexa entregada ó destinatario. Ano tras ano vemos como tanto a cantidade como a calidade das cartas que se presentan a concurso é moi escasa. Con todo, o alumnado segue pedindo que se organice a actividade e cúmprese o obxectivo fundamental que é que escriban as cartas de amor en galego. Este ano imos introducir unha variante que consiste na tradución de cartas de amor desde o galego ata o inglés, portugués, castelán e francés e viceversa, escolleranse cartas de amor noutros idiomas e traduciranse ó galego nas aulas dos diferentes idiomas. Logo votarase a mellor carta de amor.

Obxectivos:

- Demostrar que se pode “ligar” en galego
- Fomentar o uso da lingua propia no rexistro culto
- Motivar a empregar o galego nas relacións amorosas
- Demostrar que o galego serve para aprender outros idiomas

Temporización: febreiro

Destinatarios: alumnado

Colaboración: departamentos de linguas (galega, castelá, francesa, inglesa)

Orzamento: 15 € para premiar as mellores cartas do alumnado

- **Diplomas para o alumnado do ENDL que abandona o centro**

Descrición: Volvemos facer este curso os diplomas para todo o alumnado do ENDL que rematou no centro en 2º de Bacharelato, para recoñecerlles o seu traballo e mostrarlles ó resto dos compañeiros como lles estabamos agradecidos desde o ENDL. Fíxose coincidir co acto de entrega das orlas, que foi o pasado martes 22 de xuño. O alumnado quedou moi contento co “agasallo”

Custo: 20€ pagados cos fondos do ENDL.

- **Lecturas non literarias en galego**

Descrición: Mantivemos as **subscricións** existentes ó Semanario *A nosa Terra* e á revista *Tempos Novos*. Tamén recibimos no centro a revista *Longa lingua* por sermos socios da Mesa. Ademais este curso subscribímonos ó xornal diario “**Xornal de Galicia**” e á revista de humor “**A Retranca**”.

Estes materiais comezaron xuntándose cos xornais nunha sala que vicedirección habilitar para facilitar as lecturas en horas de garda, tanto de profesorado coma de alumnado, pero viamos que seguían sen chegar ao alumnado, pois nas horas de garda facíase uso do xadrez pero non das lecturas. Daquela pedimos crear un espazo de lectura no corredor de entrada do centro.

Encargamos unhas táboas con enganches para que se colgasen ó lado dos bancos existentes todos estes materiais e que estivesen á man de alumnado, profesorado e pais que se achegase ó centro. Logo desde vicedirección aprobaron a creación dun punto de lectura nunha esquina do corredor, comprando uns pufs, un estante e unha mesa onde se concentraban estas lecturas xunto con banda deseñada en lingua galega que xa adquiríramos outros anos. Todo isto compartía espazo con prensa e BD en castelán.

Custo: a cargo do orzamento que nos destina o centro.

- **Camisetas, chapas e/ou bolígrafos- Reconvertido en bolsas**

Descrición: Este curso o único distintivo que editamos do ENDL foron unhas bolsas que empregamos para entregar os bocadillos e que lles servisen de recordo aos participantes no intercambio. Logo serviron de distintivo ao alumnado que asistiu ao Correlingua á Pobra.

Custo: 324,80 €

- **Campañas e iniciativas externas:**

- 1- OBRADOIRO DE ESCRITA CREATIVA DA AELG**

- 2- EXPOSICIÓN AS LINGUAS DE EUROPA**

Descrición: O ENDL sempre está aberto a propostas e iniciativas dinamizadoras que veñan de fóra. Este ano xurdiunos a posibilidade de participar nestas dúas iniciativas, a primeira ofertada pola Asociación de Escritores en Lingua galega e a outra pola AS-PG.

A exposición estivo exposta na entrada durante as semanas anteriores á Semana Santa. O profesorado do ENDL organizámonos para baixar o alumnado a vela cunha ficha que servía de guía e que tiñan que ir cubrindo. Deste xeito case todo o alumnado se achegou ós carteis.

Con respecto ó Obradoiro do Escrita foi todo un éxito. Durante 5 semanas, os mércores de 12,30 a 14,10 o alumnado de 1º A, escollidos porque tiñan clase con profesorado do ENDL que lle cedíamos as horas, puido gozar dunha actividade con Carlos Negro que os deixou maravillado.

As impresións do profesorado, tal e como recolleemos na memoria que se enviou á AELG, foron as seguintes:

- Actitude moi positiva cara á literatura en xeral e particularmente á poesía. Destacan que a literatura non é aburrida tal e como pensaban a través do coñecemento regrado

- Descubriron un mundo novidoso no que eles se podían ver reflectidos. Viron que a poesía non é algo elitista senón un camiño para expresárense.

- Viron a importancia do compoñente oral da poesía, perderon a vergonza a ler a poesía con sentimento e entenderon como entoar axuda a interpretar o feito poético. A importancia da utilización dos sons na poesía como elemento importante para transmitir as emocións á par da palabra. Isto comezou xa coa charla de Iolanda Castaño, que veu ó centro unha semana antes de comezaren o obradoiro e que os deixou gratamente sorprendidos coa lectura de poemas.

- Víronse capaces de escribir e animáronse a ler. O interese por leren “Maquinaria”, libro que lles presentou en primicia o último día do obradoiro, é a mellor avaliación da actividade.

- **Enquisa sociolingüística entre o alumnado e profesorado**

Este curso pasámoslle a enquisa sociolingüística que fixemos o ano pasado ao profesorado novo no centro. Analizamos os resultados para deseñar o Proxecto Lingüístico de centro do presente curso.

Tamén acordamos que dentro do departamento de galego iamos realizar as preguntas sobre usos entre todo o alumnado. Así cada profesor/a nas súas clases, durante o curso, foilles pasando unha ficha de análise de usos. Desta maneira obtivemos unha mostra que abarcou todo o universo.